UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Xestión da Innovación Industrial en Moda | | Código | 710G03029 |
| Titulación | Grao en Xestión Industrial da Moda | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Empresa | | | |
| Coordinación | Rey Ares, Lucía | Correo electrónico | lucia.rey.ares@udc.es | |
| Profesorado | Crespo Pereira, Diego<br>Pernas Álvarez, Javier<br>Rey Ares, Lucía | Correo electrónico | diego.crespo@udc.es<br>javier.pernas2@udc.es<br>lucia.rey.ares@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A innovación transcende desde a tecnoloxía, á economía e á sociedade, facendo da xestión da innovación un factor crítico para as organizacións no século XXI.<br>Neste contexto, esta materia trata de proporcionar ao alumnado unha nova visión do entorno que o rodea, proporcionándolle coñecementos, ferramentas e metodoloxías para a correcta xestión da innovación nas empresas, facendo especial fincapé naquelas do sector da moda. | | | |

| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos<br>- Non se realizan modificacións.<br><br>2. Metodoloxías<br>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br>-  Todas as indicadas na guía docente, que pasan a realizarse de xeito non presencial, a través das ferramentas dispoñibles na UDC.<br><br>*Metodoloxías docentes que se modifican<br>- Non se realizan modificacións.<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:<br><br>- Correo electrónico: canle que o alumnado poderá empregar para facer consultas, solicitar titorías virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.<br><br>- Campus virtual: esta canle emprégase para, semanalmente, poñer a disposición do alumnado o material (presentacións, casos prácticos, exercicios...) e requirir a entrega de actividades -segundo o calendario de entregas previsto-. Disporase dun foro de carácter máis xeral, que se empregará como canle de comunicación principal do profesorado co alumnado. Ademáis, o alumnado disporá dun foro específico para formular dúbidas e preguntas relacionadas coa materia. O alumnado poderá facer uso deste mecanismo de atención personalizada diariamente, segundo as súas necesidades.<br><br>- Microsoft Teams: cada semana realizaranse a través desta canle sesións expositivas e interactivas síncronas para o avance dos contidos teóricos e as actividades previstas; sesións que se realizarán na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de clases da facultade. Tamén se realizará a través desta vía o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?, así como a realización de titorías a demanda do alumnado.<br><br>4. Modificacións na avaliación<br>- Mantense o sistema de avaliación indicado na guía docente, xa que as metodoloxías obxecto de avaliación pasarían a realizarse de xeito non presencial.<br><br>*Observacións de avaliación:<br>- As indicadas na guía docente.<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br>- Non se realizarán cambios. O alumnado disporá dos materiais de traballo (en concreto, presentacións, casos prácticos e exercicios) en formato dixital no campus virtual. Así mesmo, as fontes de información da guía docente xa recollen algún recurso aos que o alumnado pode acceder de xeito gratuíto dende a rede. |
|---|---|

| Competencias do título | |
|---|---|
| Código | Competencias do título |
| A1 | Coñecer os fundamentos básicos de xestión dunha empresa de téxtil/moda, tanto a nivel estratéxico como operativo e funcional. |
| A5 | Desenvolver as necesarias habilidades para a xeración de ideas creativas e innovadoras. |
| A6 | Coñecer e manexar as ferramentas necesarias para a realización, conceptualización e lanzamento de coleccións. |
| A9 | Dominar o proceso loxístico dunha empresa de moda desde unha perspectiva global, abarcando desde o aprovisionamento ata o proceso produtivo e mais o transporte, con especial incidencia nos procesos principais propios da industria téxtil: selección de tecidos e materiais, padronaxe, confección etc.... |

| | |
|---|---|
| A13 | Coñecer o impacto da tecnoloxía nos distintos procesos da industria téxtil. |
| B1 | Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e se adoita atopar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| B2 | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| B3 | Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| B4 | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado. |
| B5 | Que o estudantado desenvolvera aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B6 | Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativa en contornos interdisciplinares. |
| B7 | Capacidade para analizar tendencias (razoamento crítico). |
| B8 | Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos e operacións. |
| B9 | Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C7 | Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| C9 | Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Coñecer os conceptos teóricos e prácticos necesarios para facer fronte ás decisións asociadas ao establecemento da estratexia de innovación dunha empresa de moda a partires da comprensión do funcionamento do proceso innovador e dos elementos que compoñen os sistemas de I+D+i. | A1<br>A5<br>A6<br>A9<br>A13 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9 | C2<br>C3<br>C5<br>C7<br>C8<br>C9 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Estratexia de innovación | 1. Conceptos, modelos e procesos<br>2. Estratexia de innovación<br>3. Creatividade e innovación |
| Xestión da innovación | 4. Vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva<br>5. Xestión de I+d+i<br>6. Financiamento da innovación |
| Implantación da estratexia | 7. Explotación da I+d+i<br>8. Xestión da propiedade intelectual |

| | |
|---|---|
| Tecnoloxías emerxentes no mundo da moda | 9. Novos produtos<br>10. Novos procesos |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias** | **Horas presenciais** | **Horas non presenciais / traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Traballos tutelados | A6 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C5 C7 C9 | 3 | 27 | 30 |
| Proba mixta | A1 A9 B1 B2 B3 B7 B8 B9 C2 C3 | 1 | 15 | 16 |
| Proba práctica | A1 A13 B1 B3 B7 B8 B9 C9 C3 | 1 | 15 | 16 |
| Estudo de casos | A1 A9 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C2 C3 C8 C9 | 7.5 | 20 | 27.5 |
| Sesión maxistral | A1 A5 A6 A9 A13 B1 B3 B8 C5 C8 | 21 | 10 | 31 |
| Prácticas a través de TIC | A1 A9 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C3 C8 C9 | 7.5 | 13.5 | 21 |
| Foro virtual | B2 B3 B7 C2 C3 | 0 | 4 | 4 |
| Seminario | A9 A13 B3 B7 C8 | 2 | 0 | 2 |
| Atención personalizada | | 2.5 | 0 | 2.5 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados | Realización dun traballo en grupo e presentación final do mesmo. O contenido e características deste traballo daranse a coñecer ao alumnado nas primeiras sesións de clase. |
| Proba mixta | Exame final sobre o contido teórico da materia, que poderá combinar diferente tipoloxía de preguntas (preguntas de resposta breve, preguntas de ensaio, exercicios prácticos e preguntas obxectivas ou tipo test). |
| Proba práctica | Exame final sobre o contido práctico da materia. |
| Estudo de casos | Resolución, individual ou en grupo, dos casos propostos. Estes casos iranse detallando ao longo do curso, conforme ao plan de traballo e poderán incluir presentacións, debates ou sesións de discusión dirixida. |
| Sesión maxistral | Presentación dos contidos que conforman o marco teórico da materia mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e da introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa fin de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. |
| Prácticas a través de TIC | Resolución de problemas de natureza teórica e práctica |
| Foro virtual | Existirán dous foros virtuais, a saber:<br>- Foro virtual de debate: canle que o alumnado poderá empregar para a proposta de debates e a participación nestes.<br>- Foro virtual de aprendizaxe: canle que o alumnado poderá empregar como espazo para o intercambio e a reflexión de aprendizaxes e a proposta de novas actividades. |
| Seminario | Realización de seminarios con profesionais expertos en temas da materia, sempre que sexa posible. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |

| | |
|---|---|
| Traballos tutelados | A atención personalizada descrita desenvolverase principalmente en torno ao traballo tutelado, e concíbese como momentos de traballo persoal co profesorado da materia para a atención e seguimento do traballo realizado por cada un dos grupos de traballo. Recoméndase a asistencia do alumnado a estas reunións, cuxa forma e momento concretos nos que terá lugar se indicarán ao longo do curso en función do plan de traballo da materia. Con todo, durante o curso o alumnado poderá empregar as horas de titorías para aclarar dúbidas e cuestións sobre a materia.<br><br>O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grado na UDC" (Arts. 3.b e 4.5) realizará as súas actividades coa asistencia e participación nas dinámicas que se recollen nos apartados de "Planificación" e na "Atención personalizada", a través dos grupos de traballo que se conformen na materia. A actividade realizarase atendendo ás observacións de avaliación sobre a flexibilidade de asistencia-participación e os requisitos para superar a materia. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Prácticas a través de TIC | A1 A9 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C3 C8 C9 | Valorarase a asistencia e participación activa nas prácticas a través de TIC. Tamén se poden realizar pequenos cuestionarios, sen necesidade de aviso previo, sobre o contido visualizado ao finalizar calquera das sesións interactivas. | 2 |
| Traballos tutelados | A6 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C5 C7 C9 | Avaliación do informe escrito e exposición oral do traballo en grupo proposto.<br><br>Esta avaliación realizarase tendo en conta criterios como o dominio de contidos específicos, a expresión escrita e a presentación formal, o manexo da información, a claridade da presentación e da presentación... | 40 |
| Proba mixta | A1 A9 B1 B2 B3 B7 B8 B9 C2 C3 | Examen final sobre os contidos teóricos da materia que se realizará na data oficial prevista no calendario de exames da facultade.<br><br>O exame pode combinar diferentes tipos de preguntas (preguntas de ensaio, preguntas de resposta curta, preguntas de opción múltiple...). | 20 |
| Proba práctica | A1 A13 B1 B3 B7 B8 B9 C9 C3 | Examen final sobre os contidos prácticos da materia que se realizará na data oficial prevista no calendario de exames da facultade. | 20 |
| Estudo de casos | A1 A9 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C2 C3 C8 C9 | Valorarase a asistencia e participación activa nas sesións interactivas. Poderanse realizar pequenos cuestionarios, sen necesidade de aviso previo, sobre o contido visualizado ao finalizar calquera das sesións expositivas ou interactivas (3% do 13% total).<br><br>Avaliación dos casos propostos e realizados individual ou grupalmente. Nalgúns dos casos propostos (a especificar durante o curso en función do plan de traballo proposto) a avaliación poderá realizarse por pares.<br><br>No estudo de casos valorarase a coherencia e adecuación das respostas ás preguntas formuladas, a presentación formal e a expresión escrita, a consulta de fontes bibliográficas... (10% do 13% total). | 13 |
| Sesión maxistral | A1 A5 A6 A9 A13 B1 B3 B8 C5 C8 | Valorarase a asistencia e participación activa nas sesións maxistrais (por exemplo, participación en debates ou discusións dirixidas na aula, resolución de actividades e prácticas a través de TICs, resposta a preguntas formuladas...). Poderanse realizar pequenos cuestionarios, sen necesidade de aviso previo, sobre o contido visualizado ao finalizar calquera das sesións expositivas. | 5 |

Observacións avaliación

Criterios de avaliación
Segunda oportunidade
Para poder aprobar a materia, tanto na primeira
como na segunda oportunidade de avaliación, será preciso obter unha nota mínima
de 4 puntos sobre 10 na parte de proba mixta, nas prácticas a través de TIC e
no traballo tutelado. En caso de non cumprirse este requisito, a cualificación
final será de "Suspenso", aínda cando a nota media de todas as
actividades a avaliar outorgase unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre
10.
Será requisito indispensable para ser avaliado/a
en ambas convocatorias a asistencia regular, con participación activa e
aproveitamento, ás sesións presenciais (e/ou non presenciais, se fose o caso) e
aos diferentes seminarios organizados.
Se un/a alumno/a que ten liberada unha parte
da materia non consegue aprobar a materia no seu conxunto nas datas oficiais
dos exames da primeira e segunda oportunidade, a súa cualificación final será
de "Suspenso". No seguinte curso académico, o/a alumno/a
poderá gardar a nota daquelas probas que ten superadas (sempre e cando obtivese
unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10), se así o desexa, e
sempre e cando informe ao profesorado da súa decisión nas dúas primeiras
semanas de clases. Esta condición solo rexerá durante o curso académico
seguinte; a partir de aí, non se gardará ningunha nota.
Convocatoria adiantada
Se houbese alumnado que queira presentarse á
convocatoria adiantada de decembro (Art. 19 "Normas de avaliación,
revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario"), o alumnado que se presente a esta convocatoria deberá
realizar a proba mixta (25% da nota), a proba práctica a través de TIC (25% da
nota), o traballo tutelado (40% da nota) e os casos de estudo (10% da nota). O
traballo de curso deberá realizarse de forma individual.
Para poder superar a materia, deberá obterse
unha cualificación final igual o superior a 5 puntos sobre 10, sempre e cando o
alumnado obtivera unha puntuación igual ou superior a 4 puntos sobre 10 en cada
unha das metodoloxías sometidas a avaliación.
Cualificación 'Non presentado'
Serán cualificadas con "Non
Presentado? as persoas que non se presenten ao exame final da convocatoria na data oficial establecida no calendario de exames da facultade,
sexa a primeira oportunidade, a segunda ou a convocatoria adiantada.
Alumnado con recoñecemento de dedicación a
tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia
O alumnado con recoñecemento de dedicación a
tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia deberá comunicar
ao inicio do curso a súa situación ao profesorado da materia, á fin de
establecer un plan e calendario de traballo. O sistema de avaliación será o
seguinte: proba mixta (25%), proba práctica (25%), traballos tutelados (40%) e
estudo de casos (10%). O traballo tutelado deberá realizarse en grupo.
Nota mínima
Para poder superar a materia, tanto na primeira
como na segunda oportunidade de avaliación, deberá obterse unha cualificación final igual o
superior a 5 puntos sobre 10, sempre e cando o alumnado obtivese unha
puntuación igual ou superior a 4 puntos sobre 10 en cada unha das metodoloxías

sometidas a avaliación.

Información adicional

O comportamento fraudulento en calquera dos
apartados sometidos a avaliación suporá a cualificación de "Suspenso
(0)" na avaliación final.

Está prohibido acceder á aula na que se
desenvolvan as distintas probas de avaliación con calquera dispositivo que
permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información (móbiles,
reloxos intelixentes...).

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - Trott, P. (2017). Innovation Management and New Product Development. Reino Unido: Pearson<br>- Hidalgo, A., León, G., Pavón, J. (2013). La Gestión de la Innovación y la Tecnología en las Organizaciones. Madrid: Pirámide<br>- Schilling, M.A. (2017). Strategic Management of Technological Innovation. Nueva York: McGrawHill Education<br>- Jin, B.E., Cedrola, E. (2019). Process Innovation in the Global Fashion Industry. Nueva York: Palgrave MacMillan<br>- Jin, B.E., Cedrola, E. (2018). Product Innovation in the Global Fashion Industry. Nueva York: Palgrave MacMillan<br>- Vignali, G., Reid, L.F., Ryding, D., Henninger, C.E. (2020). Technology-Driven Sustainability. Innovation in the Fashion Supply Chain. Suiza: Palgrave MacMillan<br>O profesorado da materia poderá proporcionar bibliografía adicional en cada un dos temas. |
| Bibliografía complementaria | - Tidd, J., Bessant, J.R. (2018). Managing Innovation: Integrating Technological, Market and Organizational Change. Wiley |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| Fundamentos de Xestión da Empresa de Moda/710G03004<br>Xestión da Cadea de Subministración de Moda I: Aprovisionamento/710G03005<br>Xestión da Cadea de Subministración de Moda II: Xestión de Operacións/710G03017<br>Xestión Sustentable da Cadea de Valor da Moda/710G03018<br>Xestión da Cadea de Subministración de Moda III: Loxística e Transporte/710G03019<br>Aspectos Xurídicos da Industria da Moda/710G03009 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| Dirección Estratéxica da Empresa de Moda/710G03030<br>Negocio Dixital da Moda/710G03031<br>Taller 2: Aplicacións de Xestión e Tecnoloxías do Coñecemento en Moda/710G03033 |
| **Materias que continúan o temario** |
| Prácticas Externas/710G03037<br>Traballo Fin de Grao/710G03038 |
| **Observacións** |
| Deberase efectuar un seguimento continuo da materia, participando en todas as actividades teóricas e prácticas programadas, mediante o traballo diario.Recoméndase que o alumnado asista a clases co seu ordenador portátil ou tableta electrónica.Os traballos da materia entregaranse a través da aula virtual, en soporte dixital; de non ser posible, recoméndase a impresión en papel reciclado, a doble cara e evitando o uso de materiais plásticos. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**